


cooperación pobo a pobo

herriarte
EntrePobos
EntrePobles
EntrePueblos

79

revista periódica · xuño 2023



**BEATRIZ, A MOZA QUE PODE CAMBIAR A LEXISLACIÓN
MÁIS RESTRICTIVA DO MUNDO SOBRE O ABORTO**

**O ECOCIDIO DE REPSOL EN PERÚ E A LOITA CONTRA A IMPUNIDADE CORPORATIVA
DIÁLOGOS SOBRE ECONOMÍAS FEMINISTAS ENTRE EUROPA E ABYA YALA**

SUMARIO

3 O desastre ecolóxico de Repsol e a loita contra a impunidade corporativa

6 Entrevista a Justino Piaguage, presidente da Nación Siekopai

9 Un diálogo entre os feminismos de Abya Yala e o Estado español

11 Beatriz vs O Salvador: a moza que desafia unha das lexislacións máis restritivas contra o abortot



14 'Activistas pola Vida', de Gervasio Sánchez, visita Alacante e Burgos

15 Novo Webdoc: 'Deshumanizadas'



18 Asemblea 2023: Xuntas, en defensa da xustiza global; Autoconecemento e sabedoría maia; Homenaxe a Berta Cáceres

▶ *Ata agora, o marco normativo internacional en materia de Empresas e Dereitos Humanos mantívose nun enfoque de códigos de aplicación voluntaria, non vinculante*

▶ *“Necesitamos despenalizar conciencias, que o aborto deixe de ser un tema tabú e comezar a conversar, porque é unha realidade de saúde pública”. Dende a reforma do Código Penal no Salvador, a fins dos anos 90, 181 mulleres foron condenadas a penas de ata 50 anos, no marco dun entorno legal que penaliza absolutamente o aborto*

▶ *Decenas de miles de persoas migrantes de América Latina viven no Estado español de maneira irregular. Situacións de violencia derivadas dun modelo económico exportado dende Occidente obrigan a saír dos seus territorios e, ao chegar a territorio español, atópanse cunha extensión destas violencias*

EDITA
EntrePobos · Asociación declarada
de utilidade pública UP-78093-SD
DESEÑO E MAQUETACIÓN
Esteva&Estévao

DEPÓSITO LEGAL
B-21094-89
EntrePobos non se identifica
necesariamente coas opinións
expresadas nos artigos do presente boletín

FOTO DA PORTADA
Agrupación Ciudadana por la
Despenalización del Aborto /
Women's Equality Center



**AXÚDANOS A INCORPORAR A ENTREPOBOS NOVAS SOCIAS E SOCIOS
ASÓCIATE E COLABORA ACTIVAMENTE**

Boletín de subscrición na contraportada

Necesitamos o teu apoio para crecer e seguir garantindo a nosa acción solidaria
con **AUTONOMÍA** e **INDEPENDENCIA**



O desastre ecolóxico de Repsol e a loita contra a impunidade corporativa



Alex Guillamón

Entrepobles Barcelona

O pasado mes de febreiro estiveron en Barcelona, Valencia, Alicante, Madrid, Bilbao e A Coruña Zenón Gallegos e Luis Antonio Díaz, dirixentes das asociacións de pescadores de Chancay e Aucallama, xunto a Alejandro Chirinos, director da organización ambientalista peruana CooperAcción

Entrepobos asumiu a petición de coordinar a xira #RepsolHazteCargo, co apoio do Observatorio das Multinacionais en América Latina (OMAL) e Ecoloxistas en Acción. Tratábase de levar a cabo unha axenda de encontros con entidades sociais, medios de comunicación e representantes políticos para reivindicar xustiza e reparación polo derramamento dunha refinaría de Repsol en Ventanilla, na Área Metropolitana de Lima, que afecta a unhas 51.000 persoas, así como a restitución dos ecosistemas nas 11.060 hectáreas afectadas. O desastre ecolóxico máis grave das últimas décadas en Perú.

Pero, como acadar que as empresas transnacionais poidan realmente rendir contas pola vulneración flagrante de dereitos humanos, sociais e ambientais en terceiros países en casos como este ou en tantos outros que se repiten sistematicamente?

O CAPITALISMO É ISO: O DEREITO AO LUCRO POR RIBA DOS DEREITOS HUMANOS

Nunha interesante publicación, David Whyte, profesor de Dereito e Xustiza Social da Universidade de Liverpool, fai un repaso histórico sobre como se foi levantando a arquitectura da impunidade empresarial.

"Ao longo do século XIX, en EEUU unha serie de sentenzas xudiciais respondeu a unha pregunta: podería outorgarse o mesmo estatus legal ás corporacións e aos seres humanos? Na meirande parte dos xuízos a resposta foi afirmativa".

Ao mesmo tempo describe como o artefacto legal da "responsabilidade limitada" permitiu a esa "persoa xurídica" blindar os seus directores ou investidores individuais.

"Dende a década de 1950, o estatus legal das empresas tamén está protexido pola normativa europea. Segundo o artigo 1 do Protocolo 1 do Convenio Europeo (CEDH), 'toda persoa física ou xurídica ten dereito ao disfrute pacífico das súas posesións'. A redacción é deliberada: incluír as persoas xurídicas significa darlles a protección do CEDH".

O remate veu coa proliferación dos Tratados internacionais de Comercio e Investimento -TCI-, que permiten ás "persoas corporativas" demandar os Estados por decisións que comporten violacións do seu dereito ao lucro, mentres non contemplan as demandas en sentido contrario.

A maneira moderna adoptada polas corporacións que operan en contextos neocoloniais adoita incluír complexas cadeas de propiedade e subministro, con varias partes encargadas de organizar a produción e distribución. Esa complexidade é un factor engadido que permite ás transnacionais eludir responsabilidades polo impacto da súa actividade.

"É obvio que ningunha empresa se propón acabar co planeta, pero a súa estrutura fai inevitable a destrución ecolóxica. É o resultado lóxico dunha institución deseñada para deshumanizar as relacións sociais e garantir a indiferenza cara ao sufrimento humano e a degradación ambiental".



DEBATE SOBRE UN MARCO NORMATIVO VINCULANTE

Ata agora, o marco normativo internacional en materia de Empresas e Dereitos Humanos (DDHH) mantívose nun enfoque de códigos de aplicación voluntaria, non vinculante.

A acumulación de casos de flagrantes violacións de toda clase de dereitos ao abeiro deste baleiro legal incrementou nos últimos anos o clamor de comunidades exixindo xustiza. De aí xurdiu hai pouco máis dunha década a **Campaña Global para Desmantelar o Poder das Transnacionais e Pór Fin á Impunidade**, unha coalición de 250 movementos, redes e organizacións de todo o planeta. Tanto Entrepobos como varias das organizacións e comunidades coas que traballamos en diferentes países formamos parte desta campaña.

Esta crecente presión de colectivos e países afectados fixo que, en xuño de 2014, o Consello de DDHH de Nacións Unidas (NNUU) adoptara a “resolución 26/9 para a elaboración dun instrumento internacional legalmente vinculante para as empresas transnacionais en materia de dereitos humanos”. A devandita resolución deu paso á configuración dun grupo intergubernamental de NNUU no que se foi debatendo en 8 rondas de negociación, dende o 2015 ata 2022, o texto dun **Tratado Vinculante** que debería obrigar as empresas transnacionais a cumprir os DDHH onde queira que operen.

Porén, ao longo destas 8 rondas constatouse o obstrucionismo dalgúns estados, especialmente EEUU e a Unión Europea, ralentizando o proceso e debilitando o seu carácter efectivo e vinculante. Recentemente a UE combinou esa resistencia ao Tratado Vinculante de NNUU coa proposta dunha **“directiva europea sobre debida dilixencia”**, cuxo primeiro texto acaba de ser aprobado no Parlamento europeo á espera de que o Consello e a Comisión o acaben “afinando”.

Así a UE e varios dos seus Estados ábrese por primeira vez á discusión pública sobre este tema. Francia, Alemaña, Noruega e os Países Baixos xa teñen leis aprobadas. En Austria, Bélxica, Finlandia, Suecia e Luxemburgo hai iniciativas lexislativas en marcha. No Estado español o borrador de proposta pasou a mellor vida co fin da lexislatura.

Pero, con diferentes variantes, todas estas iniciativas acábanse pregando á estratexia dos lobbies empresariais da UE, limitando o su alcance ao concepto de “debida dilixencia”, é dicir, á exixencia de que as empresas conten con mecanismos e protocolos de prevención de vulneracións de DDHH e do medio ambiente. Sen negar a conveniencia destes mecanismos, é evidente que as responsabilidades non poden limitarse a iso.

Retomando o exemplo da vertedura de Repsol en Perú, conta a empresa con mecanismos de “debida dilixencia” para a prevención e resposta ante un desastre como ese? É probable que si. Pero a xustiza non pode quedar aí, fáltannos, como mínimo, outras dúas preguntas que a proposta de directiva europea parece evitar: eran axeitados eses mecanismos? e, se o eran, funcionaron correctamente? A resposta negativa a calquera destas dúas preguntas debería comportar responsabilidades na reparación e remedio do dano causado. Do contrario volvemos a unha versión mellorada dos códigos anteriores, na que se podería chegar a sancións simbólicas, pero non polo feito mesmo da vulneración de dereitos, senón pola falta de procedementos apropiados, o cal mantería sen acceso á xustiza as comunidades afectadas.

A ALTERNATIVA DOS CENTROS SOBRE EMPRESAS E DDHH

Ao mesmo tempo, tanto en Catalunya como en Euskadi, un amplo abanico de entidades sociais vimos reivindicando a creación de



Luis Antonio Díaz e Zenón Gallegos conversan cun periodista no plató de Catalunya Ràdio, durante a súa xira polo Estado español





Podes ver a campaña coas persoas afectadas pola vertedura de Repsol, como Fanny Garrido, na nosa canle YouTube

Centros de Empresas e DDHH. En Catalunya xa se está a discutir un proxecto de lei no Parlament para a súa creación.

Entre as funcións deste centro, público e independente, estaría o recibir e investigar denuncias de comunidades afectadas por empresas que operan en Catalunya e/ou presten servizos a calquera administración pública catalá. A nivel práctico implica, entre outras cousas, que unha empresa que recibira un dictame sinalando vulneracións de DDHH e/ou ambientais, non podería ter acceso á contratación e compra pública ata ter reparado as ditas vulneracións e cambiado as súas políticas para evitalas no futuro.

A contratación pública é o principal mecanismo punitivo ao alcance das administracións descentralizadas no Estado español. En 2022 as administracións do Estado español licitaron contratacións por un valor de 98.855 millóns de euros. Porén, a inmensa maioría delas, incluídas as gobernadas pola esuerda, ao ser “cegas” ao cumprimento dos DDHH, na práctica dan vantaxe competitiva ás empresas que minimizan os seus custos sociais e ambientais.

SOLIDARIEDADE FRONTE Á IMPUNIDADE

Os pescadores de Ventanilla que nos acompañaron durante dúas semanas recibiron numerosas mostras de solidariedade das entidades sociais e representantes políticos locais cos que se reuniron. Especialmente emotivos foron os encontros en Muskiz (Euskadi), con afectadas polas verteduras de Petronor, coas confrarías de pescadores de Valencia e, sobre todo, de Galicia, onde compartiron a experiencia do *Prestige*. Non podemos dicir o mesmo do seu paso por algúns Ministerios, dos que máis ben saímos coa impresión de ternos reunido cos avogados defensores da empresa.

A multinacional “española” Repsol ten como principais accionistas a JP Morgan, Black Rock, Amundi ou Norges Bank. Segundo a publicación que hai da distribución xeográfica do seu accionariado, soamente o 6,7% procede do Estado español. Segundo un recente informe de OXFAM, máis do 75% das súas filiais teñen as súas contas en paraísos fiscais. E o informe do Observatorio da Sostibilidade 2022 sitúaa como a máis contaminante no Estado español.

Nada diso impide a esa diplomacia comercial española, que mantén a súa axenda e o seu rumbo inalterable goberne quen goberne, levantar un muro defendendo os privilexios do Ibex-35 fronte ás reivindicacións de xustiza e reparación das comunidades afectadas no Sur global ou as mobilizacións no noso país pola emerxencia climática.

Conscientes da necesidade de crebar ese muro, o pasado 21 e 22 de abril realizouse en Barcelona un amplo encontro de organizacións de solidariedade internacional, ecoloxistas, de defensa de DDHH, etc., co obxectivo de impulsar unha Rede de ámbito estatal contra a Impunidade do Poder Corporativo, cunha axenda de obxectivos e actividades, e para acordar unha estrutura mínima que permita avanzar na tarefa común, que vaia máis alá da incidencia nos procesos legislativos e permita retomar a incidencia social, conectando a denuncia dos abusos do poder corporativo no noso país, coas comunidades do Sur global. 🇵🇪

Nota:

1. *Ecocidio. Acabemos con la corporación antes de que nos mate*, David Whyte, Edicions Bellaterra 2021.



Entrevista a Justino Piaguage, presidente da Nación Siekopai



Montse Barba

Comunicación Entrepobos

“Vanse acadando vitorias para exixir que se respecte a Amazonía, pero segue vixente a mentalidade extractivista”

Justino Piaguage (San Pablo de Katëtsiaya, Ecuador, 1977) é o líder dos siekopai, unha comunidade orixinaria que habita as terras de Pë'këya, tamén chamadas Lagartococha, na fronteira entre Ecuador e Perú.

O seu pobo defende diante do Estado ecuatoriano o seu dereito a habitar o seu “fogar ancestral”, un territorio do que foron expulsados os seus devanceiros en 1941, trala guerra entre os dous países. Mentres tanto, artellaron as súas propias maneiras de defenderse ante o extractivismo e a imposición cultural e educativa dende Quito. Aspiran á súa propia soberanía territorial e comercial, na que as mulleres teñen cada vez máis voz e representación.

Piaguage visitou Barcelona a finais de abril, no marco do proxecto *Cidades Defensoras de Dereitos Humanos*. Non era a primeira vez que viaxaba á capital catalá, xa que é un dos voceiros máis activos no caso contra Chevron-Texaco. A petroleira estadounidense foi sentenciada a pagar máis de nove mil millóns de dólares e reparar a zona afectada pola súa actividade nas provincias de Orellana e Sucumbios entre 1964 e 1992. A sentenza nunca se executou tralas apelacións da multinacional, que logrou que un tribunal de arbitraje de A Haia lle dese a razón, utilizando o Mecanismo de Solución de Controversias dos Investidores Estatais (ISDS).





Que os levou a demandar a Ecuador diante da Corte Interamericana de Derechos Humanos (Corte IDH) polo Caso Chevron?

Dende 2018, cando se ratificou a sentenza definitiva na Corte Constitucional, temos buscado a súa execución en varios países. En Canadá, Arxentina, Brasil Tamén pensamos en iniciar un proceso aquí en Europa, pero lamentablemente non foi posible. Temos uns recursos económicos limitados e o tema non trascendeu o suficiente ante a opinión pública.

E no noso país, o cambio de goberno en Ecuador debilitounos, xa que asumiu a presidencia Lenin Moreno, que empezou a buscar financiamento do Fondo Monetario Internacional. Obviamente, Chevron tiña moita influencia alí e propúxose anular de todas as

unha sentenza que era firme en Ecuador. Intentaron facelo dende a Asamblea Constituyente e conseguimos paralo, pero a empresa continuou pleiteando ata que o Estado ecuatoriano foi enxuzado por temas de acordos comerciais que acabaron vinculados ao noso caso. E acadaron que un tribunal de A Haia fallara ao seu favor, ante a inacción do Estado ecuatoriano, que non se defendeu adecuadamente, e que por riba se lles pague por supostos danos de imaxe.

Temos analizado todo o ocorrido e, tras un longo proceso de reflexión interna e unha análise xurídica, en abril deste ano tomamos a decisión de demandar o Estado ecuatoriano ante a Corte IDH porque Ecuador non está protexendo os dereitos das comunidades indíxenas, está permitindo con total impunidad que unha empresa transnacional non recoñeza nin restaure a Amazonía, nin asuma as consecuencias na saúde da súa poboación nin compense os danos culturais que supuxo a actividade de Chevron.

En que momento se atopa a demanda?

Estamos pendentes do proceso de admisión e de que se chame a Audiencia, dependemos da Corte IDH. Somos optimistas. Expertos que estiveron vinculados coa Corte IDH cren que o noso caso si que merece ser atendido por toda a inacción e a responsabilidade do Estado de non protexer os dereitos que segue a vulnerar Chevron e que afectan aos pobos orixinarios.

E seguimos difundindo e presionando con accións como o Día Anti Chevron (o pasado 5 de xuño, Día do Medioambiente) para facer conciencia social de que por moito que digan que a Amazonía foi saneada e restaurada, seguimos vivindo nesta traxedia. O último informe da ONG Clínica Ambiental informa que hai grande cantidade de enfermos de cancro, a meirande parte mulleres, como parte dos efectos da actividade petrolreira que sofren os pobos amazónicos.

Á parte do petróleo, cales son as outras actividades extractivas que afectan á súa comunidade?

Actualmente, xunto co petróleo e o monocultivo da palma, a actividade das empresas chinesas coa mineiría (cobre, litio, ouro). O Estado ecuatoriano segue hoxe en día con esa visión extracti-



UDAPT





vista. O Goberno pretendía incrementar de 500.000 a 1 millón de barrís de petróleo diarios e acelerar a extracción mineira, e o pobo indíxena levantouse para derogar dous decretos que finalmente se pararon, pero segue latente o tema das concesións mineiras.

Sempre temos que estar á defensiva, resistindo, e iso é debido a que o xeito de ollar cara a Amazonía non cambiou. Considérase que agocha un tesouro e que hai que explotala e despoxala, non se entende que a pulsión da Amazonía é outra, nin a nivel local nin a nivel mundial. Pero con loita e sacrificio conséguense as vitorias. A do Sinangoe, por exemplo, na cabeceira do río Aguarico, onde se fixera una concesión de 22.000 hectáreas a unha empresa mineira. Querían explotar o ouro, o cobre e a mineiría sen facer ningunha consulta aos poboadores, de nacionalidade A'i Kofan. Conseguimos que os xuíces da Corte Constitucional viñeran ao territorio para comprobar o que estaba a pasar, e conseguímolos parar. O mesmo pasou co caso Borani e o petróleo. Exixiuse unha consulta previa, libre e informada. Vanse conseguindo pequenas vitorias que van sumando para exixir que se respecte a Amazonía, pero segue vivente a mentalidade extractivista.

“Sen unha educación que faga que a xente moza se sinta orgullosa da nosa cultura e a nosa maneira de pensar, estamos perdidos.”

Como se defende a súa comunidade?

Estamos nunha situación de ameaza, nun territorio con todas as presións da actividade petroléira, do monocultivo da palma, das actividades dos nosos veciños colonos... Vemos a diario como a través das estradas abertas pola empresa do monocultivo da palma entran a cazar e pescar. Para demostralo, os nosos mozos están empezando a aprender a utilizar drons, cámaras trampa, os GPS... Soamente en seis meses continuos de 2019, detectamos a 377 cazadores. Por iso comezamos a crear un equipo de monitoreo que está actuando e que tamén detecta como se expande a invasión ao noso territorio e as deforestacións.

Como ve o futuro da comunidade siekopai?

Nunha asemblea, a xuventude decidiu exercer o dereito á autodeterminación e iniciamos un proceso interno de notificacións e comunicacións. Intentamos reunirnos coa autoridade estatal, pero eles negáronse. Aquilo xerou moito impacto, foi dicir ás claras: “Respecten o noso territorio, estamos aquí”.

“Os mozos e mozas inicialmente resistíanse inicialmente resistíase á educación propia, dicían que era regresiva, pero dixémoslle “é para ter as raíces e os pés ben postos”.

Creamos as nosas propias normas se se atopan cazadores no noso territorio e impartimos xustiza a través de audiencias comunitarias. Imos empezar tamén campañas de concienciación, delimitando unha zona de 10.000 hectáreas como área intanxible na que estamos rexistrando que tipo de biodiversidade temos. Os máis adultos, os avós, camiñan

coa xente nova e vanlles dicindo “esta pegada, este son que emite é de tal animal”, porque os máis novos xa non son cazadores, xa non teñen este vínculo coa natureza. A idea é ter un documento que recolla o que temos e onde están os animais que temos identificado.

Como conseguen que a xuventude se manteña na comunidade?

Ademais de implicarse coa tecnoloxía, estamos organizando unha educación propia porque sen unha educación que faga que a xuventude se sinta orgullosa da nosa cultura e a nosa maneira de pensar, estamos perdidos.

A nosa intención é construír unha rede curricular, que polo de agora non foi pensada en función dos nosos intereses senón dos intereses dos outros. O mesmo profesorado dicían que teñen que cumprir un horario que non é o máis axeitado para nós. Unha educación que inclúa un espazo de diálogo interxeracional, que xa existía, no que os fillos e netos escoitaban os seus maiores e aprendían de soños, cultivos, astroloxía. Se os nosos fillos e fillas teñen unha educación que lles permita ser conscientes do que significa ser siekopai imos seguir existindo, do contrario extinguirémonos culturalmente, por moito que eu me poña as miñas vestimentas e o meu colar. 🧵



Nova publicación:

Un diálogo entre os feminismos de Abya Yala e o Estado español



Montse Benito Soriano, Kenia Castaldo Oliva, Natalia Riera Manzano

Educación Entrepobos



Título
 'Voces desde as economías feministas: resistencias, arraigamentos, cuidados'
Editoras
 Cristina Carrasco Bengoa e Corina Rodríguez Enríquez

Edición
 Entrepobos
Diseño, maquetación e ecoedición
 Pol-len edicions
Ilustración
 Emma Gascó
Idioma
 Castelán

A publicación *Voces desde las Economías Feministas: resistencias, arraigos, cuidados*, é a segunda parte do libro *Economía Feminista: desafíos, propuestas, alianzas*, publicado en 2017 por Entrepobos, coeditado por Cristina Carrasco Bengoa e Carme Díaz Corral, e que tan bos resultados tivo en lecturas, presentacións, webinaros e vínculos coas autoras.

Este novo libro contou coa participación de máis de vinte autoras de Abya Yala (distintos países) e o Estado español (Euskadi e Catalunya), que decidiron acompañarnos e aportar as súas voces e miradas diversas. A elas-eles agradecemos a complicitade e dedicación que nos brindaron neste traballo.

Damos as grazas a todas as autoras que ofreceron os seus artigos para publicar neste libro: as coeditoras Cristina Carrasco Bengoa e Corina Rodríguez Enríquez, así como Amaia Pérez Orozco, Silvia Piris Lekuona, Colectiva XXK, Nalu Farias, Tica Moreno, Camila Baron, Amparo Bravo Arias, Fernanda Moscoso Briceño, Catalina Valencia, Miriam Nobre, Claudia Korol, Ana Felicia Torres Redondo, Patricia Amat, Verónica Gago, Aura Cumes, Breny Mendoza, Carmen Díaz Corral, Valeria Mutuberría Lazarini e Georgina Alfonso González.

Dende o principio, as motivacións para a publicación deste libro foron explorar e tratar de recoller os novos retos e propostas das economías feministas, con aportacións dende diferentes territorios, áreas e niveis de abordaxe. Amosar que as economías feministas son, hoxe por hoxe, un movemento teórico e de intervención para a transformación social que vive un momento de renovada vitalidade, con capacidade de realizar aportacións imprescindibles e ofrecer alternativas aos movementos sociais emancipadores en diversos territorios, áreas e contextos diante do chamado *conflicto capital-vida*.





“No contexto actual de crises globais superpostas rescatamos o conflito como unha oportunidade, atopando os lugares comúns dende os que actuar.”

No noso camiñar polos territorios de Abya Yala con organizacións irmás vimos a necesidade de potenciar diálogos para a construción de argumentos e accións en sinerxia cos feminismos do Sur global dende as diversas miradas e acentos, e dende unha perspectiva decolonial, feminista, antirracista e anticapitalista. No contexto actual de crises globais superpostas rescatamos o *conflito* como unha oportunidade, *atopando* os lugares comúns dende os que actuar. Crear comunidade de comunidades: tecendo redes, complicidades, coidándonos.

Os movementos feministas teñen o potencial de unir a resolución das urxencias coa proposta de horizontes transformadores que permitan unha soberanía feminista que posibilite a transición cara a outros modelos de vida.

En palabras de Cristina Carrasco e Corina Rodríguez, *“o libro é, simultaneamente, unha compilación de reflexións críticas e un convite a seguir pensando colectivamente. Tamén un estímulo en tempos que se presentan difíciles, con restauracións neoliberais e fascistas, con vidas que se precarizan cada vez máis, con violencias de todo tipo. Sabérmonos persistentes na busca de camiños alternativos alimenta a esperanza”*.

ESTABLECER DIÁLOGOS PARA AMPLIAR MIRADAS

A proposta de EntrePobos de coordinar este libro coincidiu co interese das propias autoras que veñen traballando reflexións críticas dende Abya Yala e dende o Norte de fala hispánica. Proponen diálogos entre economías feministas denominadas eurocéntricas e as economías feministas de Abya Yala. Nestes diálogos pátense dos límites das olladas convencionais da economía feminista, e a potencia dos desenvolvementos que se viñeron dando en Abya Yala e nalgúns lecturas críticas dende Europa.

A vontade de establecer estes diálogos para ampliar miradas, segundo Cristina Carrasco e Corina Rodríguez, establécese sobre *“as distintas manifestacións dos feminismos populares e indíxenas, decoloniais e comunitarios, que desenvolveron teoría e praxe dende os territorios afectados pola conquista e a colonización”*. Nestes

feminismos e nas economías feministas, *“hai autoras que abordan e debaten sobre unha liña máis teórica, e outras que reflexionan a partir de experiencias da vida cotiá, urbana e/ou campesiña. Dos feminismos que veñen do Norte global centrarémonos na economía feminista da ruptura, onde tamén se combinan a visión teórica e a experiencia do activismo e a práctica política.”*

Nun percorrido conceptual polos diferentes artigos destacamos diversas ideas:

1. **Corpo-territorio:** Lugar de vida común, de comunidade que reconece a súa pertenza ao territorio e que se percibe como o centro organizador da existencia onde, de maneira colectiva, se sostén a vida.

2. **Os coidados como base da vida:** Enxergar xeitos de organización social dos coidados que reconezan a interdependencia e a eco dependencia dende aproximacións ao coidado dende as prácticas concretas en Abya Yala e prácticas alternativas no Norte global.

3. **Extractivismos:** Nin os nosos corpos nin os nosos territorios son espazos de conquista.

Resistencia e acción colectiva dunha comunidade enraizada nun territorio, construíndo teoría e praxe feminista que busca un ben vivir diante do avance extractivista do capitalismo, que ameaza os bens comúns e a vida no territorio, e creba as interdependencias entre as naturezas.

4. **Patriarcado precolonial?** Falar de “enronque patriarcal” ou de prácticas patriarcais en comunidades indíxenas pode implicar que existiu un patriarcado precolonial. O feminismo comunitario manté unha posición antipatriarcal e exige outra forma de comunidade. A diferenza con outras realidades é que a loita contra a dominación dos homes é comunitaria.

5. **Contradición capital-vida? Como sostemos a vida?:** O conflito estase avivando e a contradición faise máis evidente. O capital mercantiliza a vida e endebeda os fogares, reforzando a espiral do extractivismo financeiro. No Sur global, o conflito capital-vida atravesa con forza todos os territorios e a meirande parte dos corpos.

6. **Tempos en conflito:** Nas comunidades campesiñas, a noción e o uso do tempo establececiase e establécese polos ritmos dos fenómenos naturais. Existen experiencias urbanas nas que as compañeiras fan importantes esforzos para non reproducir as lóxicas desposuidoras da produtividade dende, fundamentalmente, formas cooperativistas de organización como alternativas ao capitalismo.

7. **O potencial do diálogo de saberes:** Hai un enorme potencial neste diálogo de saberes. Aquí só temos unhas pequenas pinceladas de toda a teoría desenvolta xunto a unha enorme experiencia e práctica política. Aínda hai moito camiño por percorrer, dende facer máis concretas algunhas das propostas, ata pensar estratexias e camiños de transición.

Agardamos que esta publicación sexa de utilidade a todas as persoas e colectivos cos que compartimos desexos, soños e loitas cotiás, dos que aprendemos cada día, como aportación neste proceso de apoio mutuo para a construción dunha intelixencia colectiva común e antipatriarcal.

Dende EntrePobos queremos agradecer moi especialmente ás coeditoras e autoras Cristina Carrasco Bengoa e Corina Rodríguez Enríquez o seu traballo de investigación, edición e recopilación nesta publicación. Sen o seu apoio, este libro nunca se tería escrito e, por iso, este traballo perténcelles. 🧡

Podes mercalo na web de editorial Pol-len ou en librerías especializadas



Beatriz vs O Salvador: a moza que desafía unha das lexislacións máis restritivas contra o aborto



Montse Barba

Comunicación EntrePobos

Agrupación Ciudadana por la Despenalización del Aborto / Women's Equality Center

“Eu só quero que ningunha persoa máis pase polo que pasou a miña filla”, dixo a nai de Beatriz ante a Corte IDH

O aborto considérase delito no Salvador baixo calquera circunstancia dende 1998, con penas de entre 30 e 50 anos de cárcere a partir das 20 semanas ao considerarse homicidio agravado. Tamén se a vida da nai, como no caso da moza Beatriz (nome ficticio para defender a súa memoria, pero tamén os dereitos de todas), corre perigo. De aí que a audiencia pública sobre este caso que tivo lugar na Corte Interamericana de Derechos Humanos (Corte IDH), a fins de marzo do 2023, sexa desafiante e trascendente, xa que pode marcar un antes e un despois para as mulleres, non só no país e en Centroamérica, senón en todo o continente.

Todo iso nun momento no que a liberdade sexual e reprodutiva estase a ver ameazada por grupos de ultradereita en todo o planeta, coa anulación, a comezos de ano, da sentenza *Roe vs Wade*, que hai medio século recoñecía o aborto en Estados Unidos. E no medio dun clima de retroceso de liberdades no Salvador, cuxo goberno se acolle ao réxime de excepción para intimidar persoas e aplanar organizacións que defenden a xustiza e os dereitos humanos. Para o presidente Nayib Bukele, que cando aspiraba a

liderar o país era partidario do seu regulamento parcial, o aborto é agora “un xenocidio”.

BEATRIZ QUERÍA VIVIR

A historia de Beatriz é a de tantas mulleres que queren vivir en plenitude e decidir sobre os seus corpos. Comeza hai 10 anos cando queda embarazada por segunda vez e lle diagnostican unha malformación conxénita do feto con anencefalia (sen cerebro), unha condición incompatible coa vida extrauterina. Un equipo médico de 15 especialistas explicalle que, se este segundo embarazo avanza, existe unha alta probabilidade de que ela morra.

No seu primeiro embarazo, dous anos antes e de alto risco polas súas enfermidades, Beatriz tivo preeclampsia severa (un trastorno de hipertensión perigoso que afecta a algunhas mulleres durante a xestación) e tivéronlle que realizar unha cesárea. O seu bebé tivo que permanecer 38 días internado no hospital ao ser diagnosticado como “recén nacido pretérmino con síndrome de distrés respiratorio e enterocolite necrotizante”. O pequeno tivo problemas posteriores no seu desenvolvemento.



CRONOLOXÍA DO CASO BEATRIZ

2011

Beatriz tiña 20 anos e vivía con moi escasos recursos no municipio de Jiquilisco, O Salvador, cando se lle diagnosticou Lupus Eritematoso Sistemático, nefropatía lúpica e artrite reumatoidea. Durante o seu primeiro embarazo, en 2011, tivo que ser hospitalizada en dúas ocasións por anemia e lupus. O parto complicouse por preeclampsia e, despois dunha cesárea, o seu fillo sobreviviu tras permanecer máis dun mes ingresado.



2012

Debido á enfermidade e complicacións do embarazo, en 2012 un médico do Hospital Nacional de Maternidad recomendoulle que non volvera quedar embarazada, pero ela temía que morrera o fillo que acaba de ter, polo seu fráxil estado de saúde, e quería volver ser nai.

Febreiro 2013

Beatriz soubo que estaba de novo embarazada de once semanas e informárona de que era un embarazo de alto risco. O 7 de marzo diagnosticáronlle unha malformación congénita do feto con anencefalia (sen cerebro), condición incompatible coa vida extrauterina. O Comité Médico formado por 15 médicos directores de área do Hospital Nacional de Maternidad, recomendou que se interrompese o embarazo por ser inviable e pór en risco a saúde e vida de Beatriz.



Maio 2013

Ante a prohibición de aborto terapéutico na lexislación do Salvador, a defensa legal de Beatriz presentou unha demanda de amparo solicitando a interrupción do embarazo a efectos de salvar a súa vida. A Sala Constitucional admitiuna e dictou unha medida cautelar, pero o 28 de maio de 2013 declarou que non tiña lugar a demanda xa que considerou que non houbo unha conduta omisiva por parte das autoridades demandadas que tivera producido un grave perigo nos dereitos á vida e á saúde de Beatriz.



A Corte IDH pronúnciase contra o caso Beatriz. Require ao Estado salvadoreño tomar todas as medidas médicas necesarias para asegurar, de xeito urxente, a debida protección dos dereitos á vida e integridade persoal de Beatriz.

Xuño 2013


Beatriz foi sometida a unha intervención de urxencia e o feto faleceu cinco horas despois.

Setembro 2017

A Comisión Interamericana de Derechos Humanos (CIDH) da Organización de Estados Americanos (OEA), recoñeceu a gravidade desta violación de dereitos, admitindo a demanda interposta en contra do Estado pola familia de Beatriz, la Colectiva Feminista para el Desarrollo Local de El Salvador, la Agrupación Ciudadana para la Despenalización del Aborto Terapéutico, Ético y Eugénico del Salvador, IPAS Centroamérica e o Centro por la Justicia y el Derecho Internacional.

Outubro 2017

Falece Beatriz polas consecuencias derivadas na súa saúde dun accidente leve de moto.



Xaneiro 2022

A Agrupación Ciudadana para la Despenalización del Aborto Terapéutico presenta perante a Corte Interamericana de Derechos Humanos (Corte IDH) o Caso Beatriz.

Marzo 2023

Celébrase a audiencia pública en Costa Rica, sede da Corte IDH, polo Caso Beatriz. Os feminismos clamán #JusticiaparaBeatriz

APOIO DAS ORGANIZACIÓNS

Para poder abortar, Beatriz busca o apoio da Agrupación Ciudadana para la Despenalización del Aborto, que inicia unha campaña na súa defensa. In extremis e anuladas outras vías, en maio de 2013, a Corte IDH, máximo tribunal en materia de dereitos humanos do continente americano, require do Estado salvadoreño que tome todas as medidas médicas necesarias para asegurar a vida e integridade persoal de Beatriz.

Tras 81 días de tortura, en xuño de 2013, esta mestra de 22 anos do municipio de Jiquilisco, é sometida a unha intervención. O feto morre ás cinco horas. A súa saúde queda moi deteriorada e catro anos máis tarde falece de neumonía, que adquiriu ao ser hospitalizada tras un leve accidente de moto, deixando un fillo de 5 anos.

ESPERANZA E REPARACIÓN

Unha década máis tarde, o caso de Beatriz converteuse nun símbolo para as feministas salvadoreñas, que articularon a campaña #JusticiaParaBeatriz, enchendo de panos verdes e morados co rostro da moza as rúas latinoamericanas e o universo virtual. "Esperanza" é a palabra que escolle Morena Herrera, unha das undadoras da Colectiva Feminista para el Desarrollo Local e da Agrupación Ciudadana por la Despenalización del Aborto, cando lle pedimos que valore a audiencia da Corte IDH de marzo, que ela seguiu mi atenta. Unha vista que comezou coas declaracións da nai de Beatriz: "Eu só quero que ningunha persoa máis pase polo que pasou a miña filla", sinalou en San José, Costa Rica.

Herrera opina que "na Audiencia da Corte IDH evidenciouse que a penalización absoluta do aborto no Salvador, igual que noutros países, ten graves consecuencias para a vida, a saúde física, a saúde emocional e a integridade das mulleres". Tanto a lexislación como a actuación das autoridades implicaron "unha violación de dereitos humanos de Beatriz e unha tortura", engade.

A sentenza da Corte IDH agárdase para fins de 2023 ou inicios de 2024 e sería de obrigado cumprimento no Salvador. Ademais, a súa xurisprudencia poderase aplicar noutros países de América Latina e Caribe. Pode ser determinante nunha rexión que concentra as lexislacións máis restritivas en dereitos sexuais e reprodutivos da muller: non hai ningún suposto no que se permita abortar en Nicaragua, O Salvador, Honduras, República Dominicana e Haití.

"O seu alcance é moi importante. A campaña Xustiza para Beatriz pode acadar un cambio lexislativo, un cambio político e a reparación para a súa familia, pero tamén vai contribuír a ir superando o estigma cara as mulleres que necesitan e deciden abortar, porque ser unha muller embarazada ou persoa xestante, tal e como está a lexislación actual, termina negando ás persoas a condición de suxeitos de dereito", explica Herrera, que acompañou a moitas mulleres privadas de liberdade por abortar, en moitas ocasións por embarazos consecuencia de violencia sexual.

MANUELA, O PRECEDENTE DO CASO BEATRIZ

Perante a posibilidade dun posible desacato ou dilación no cumprimento dunha sentenza condenatoria, Morena Herrera é clara: "O Salvador está obrigado a cumprila. Pode ser que nun primeiro momento o goberno de Bukele faga declaracións de non acatamento, pero eles saben que a teñen que cumprir, como están empezando a facer coa sentenza do 'Caso Manuela', aínda que haxa aspectos moi importantes pendentes polo de agora".

En efecto, o 'Caso Manuela' é o precedente máis claro do 'Caso Beatriz'. En 2008, Manuela, nai salvadoreña de 31 anos, sufriu un



PREMIO SIMONE VEIL A UNHA REFERENCIA EN FEMINISMO E DEREITOS HUMANOS



O 8 de marzo, a Agrupación Cidadá pola Despenalización do Aborto recibiu o premio Simone Veil de mans do Ministerio de Exteriores do Goberno de Francia, un galardón que supuxo un importante respaldo ao traballo que leva a cabo a organización que lidera Morena Herrera.

“Recibino co sentimento de ser afortunada por representar a esta organización, que loitou moito e foi moi estigmatizada. No momento en que o recibín experimentei un estremezamento, primeiro ao ver a cara das persoas que integramos a Agrupación Cidadá e que colaboraron ao longo deste proceso, pero tamén das mulleres que foron liberadas (70), que seguen a loitar por abrirse espazo na sociedade salvadoreña e loitan contra o estigma de ter estado encarceradas”, lembra Herrera, que destaca un caso, o de María Teresa Rivera, a primeira muller que obtivo asilo político por aborto na historia do dereito humanitario, en Suecia.

“Tamén pensei”, continúa, *“en que todas as nenas poidan vivir libres de estigmas e tomar decisións para a súa vida, e en que todas as adolescentes poidan chegar a ter unha vida máis libre”. “Lembrei as nenas que apoiamos e que viviron maternidades impostas produto de feitos criminais e violentos, embarazos resultado de violacións... E lembrei as persoas e organizacións solidarias por todo o mundo”,* engade.

“No Salvador, defender dereitos humanos, en xeral, non é fácil. Defender dereitos das mulleres tampouco, e dereitos sexuais e reprodutivos aínda menos. En primeiro lugar, porque fai falta un recoñecemento claro na nosa xurisprudencia e na maneira de abordar políticas públicas. E porque as persoas que os defendemos enfrontámonos a campañas de desprestixio. Ameazáronnos en varias ocasións coa idea de que nos van aplicar un artigo do código penal de indución do aborto e mesmo nos acusaron de defender delitos. Porén, nós temos demostrado que temos dereito a loitar contra unha lexislación e unhas políticas públicas inxustas”, conclúe a activista salvadoreña.

aborto espontáneo e unha forte hemorraxia. Cando conseguiu ser atendida, a médica denunciouna por un suposto “homicidio en perxuro do seu fillo recém nacido”. Foi detida e impúxoselle unha pena de 30 anos. Morreu de cancro no cárcere, esposada á cama do hospital e sen recibir os cuidados de saúde necesarios.

En decembro de 2021, a Corte IDH confirmou que o Estado salvadoreño cometera un erro: Manuela tivera unha emerxencia obstétrica provocada por unha preeclampsia.

O seu caso conmoveu a comunidade internacional, como ocorre agora co de Beatriz, quen, como Manuela e outras moitas, quería vivir e, coa súa memoria, busca reparación para a súa familia e xustiza para outras mulleres que se poidan atopar na súa situación.

“Necesitamos despenalizar consciencias, que o aborto deixe de ser un tema tabú e comezar a conversar, porque é unha realidade de saúde pública.”

Dende a reforma do Código Penal no Salvador, a fins dos anos 90, 181 mulleres foron condenadas a penas de ata 50 anos. Pero, ademais da privación de liberdade, as mulleres que deciden facelo ou defenden a liberdade reprodutiva enfróntanse a un estigma, arraigado na sociedade salvadoreña.

Para Morena Herrera, este estigma está moi relacionado con toda a esfera punitiva e de culpa que ten o aborto nas nosas sociedades. Neste sentido, *“moitas organizacións e varias feministas están falando da necesidade non só de despenalizar en termos legais, senón de despenalizar as consciencias, e empezar a falar de*

xeito tranquilo e directo sobre o aborto”. “Necesitamos que deixe de ser un tema tabú e comezar a conversar porque é unha realidade de saúde pública, en moitos casos é un dereito, e moitas mulleres vívenlo como un alivio a unha situación que atravesan, pero non se atreven a dicir. É importante falar sobre as experiencias que coñecemos e as nosas propias”, subliña Herrera.

Na actualidade hai organizacións e grupos moi poderosos economicamente e con influencia que se opoñen aos dereitos reprodutivos das mulleres, unha realidade que non afecta soamente a Centroamérica. Tamén en Estados Unidos ou Europa, a penalización da interrupción do embarazo forma parte da axenda da ultradereita e os sectores máis reaccionarios.

“Estas forzas representan un perigo para os dereitos e as conquistas. Pero creo que é importante a crecente convicción das mulleres e de moitos homes, de que non podemos renunciar á autonomía, á liberdade, a ser suxeitas de derecho. Somos cada vez máis as que defendemos os nosos dereitos, e enfrontamos os riscos e perigos que conleva facelo, dende unha perspectiva esperanzadora e de futuro”, conclúe Morena Herrera. 🇵🇷

SÚMATE Á CAMPAÑA
#JusticiaparaBeatriz



Artivismos:

'Activistas pola Vida', de Gervasio Sánchez, visita Alacante e Burgos



A exposición 'Activistas pola Vida', do foto xornalista Gervasio Sánchez, continua itinerando polo Estado español, achegando ás nosas cidades a realidade dos e das defensoras do territorio e a vida de Honduras e Guatemala.

En Alacante (ímage superior), vaise poder visitar no Espai Sèneca do 10 de febreiro ao 7 de marzal grazas á colaboración da Regidoria d'Igualtat do concello da cidade coa asistencia de máis de 1.300 persoas.

A seguinte cidade en acollela vai ser Burgos (Teatro Principal, do 16 de marzal ao 16 de abril), onde, igual que en Alacante, van contar con la presenza do autor para ofrecer charlas e visitas guiadas (ímage inferior) nas que explicou a súa experiencia fotografando a estes 40 homes e mulleres que se xogan a vida na

defensa das súas terras, a natureza e a súa forma de vida en comunidades fronte ás grans empresas extractivas. Foi visitada por máis de 1.200 persoas. Con Burgos e Alacante, son xa 7 as cidades que recorreu 'Activistas pola vida'. Desde a súa inauguración, en 2020, as fotografías de Gervasio Sánchez puidéronse gozar tamén en Xixón, Valencia, Barcelona, Tarragona e Vilafranca del Penedès. 🇪🇸

Accede á páxina web do proxecto
Activistas pola Vida
<https://activistasporlavida.org>



Novo Webdoc:

Deshumanizadas

Camiños migratorios

atravesados pola burocracia,

o racismo e o patriarcado



Pepa Roselló

Comunicación Entrepobos

*Unha de cada 7
persoas no mundo
é migrante,
5.400.000
migrantes habitan
no estado español,
un 57% son
mulleres e máis de
500.000 persoas
están en situación
administrativa
irregular*

Por que fuxen dos seus territorios? Que camiños teñen que atravesar para chegar aquí? Que trabas burocráticas racistas e patriarcales teñen que sufrir?

En colaboración co medio de comunicación “La Directa” e Brigadas Internacionais de Paz de Cataluña, en Entrepobos respondemos a estas preguntas na webdoc “Deshumanizadas: camiños migratorios atravesados pola burocracia, o racismo e o patriarcado”. A través dunha investigación xornalística e audiovisual profundizamos no camiño migratorio no Estado español dende unha ollada feminista.


UNHA LEI RACISTA QUE VULNERA A DIGNIDADE DAS MULLERES

Un millón e medio de persoas migrantes de América Latina viven no Estado español de maneira regular. Decenas de miles fanno de maneira irregular. Situacións de violencia derivadas dun modelo económico exportado dende Occidente coa pegada de empresas españolas, obríganlas a saír dos seus territorios e, ao chegar a territorio español, atópanse cunha extensión destas violencias. A lei de estranxeiría e o sistema de asilo están impregnados dunha burocracia considerada, por moitas, racista, que deshumaniza a quen o ten que atravesar e que vulnera especialmente a dignidade das mulleres.

Nesta webdoc varias persoas migrantes cóntannos en primeira persoa a súa experiencia, por que teñen que fuxir dos seus países, en que situación están e como o apoio mutuo e as redes informais







de apoio son, na maioría dos casos, a única maneira de sobrevivir e superar estas violencias e as súas secuelas.

Como, por exemplo, Susana Espinoza, de Perú, que chegou ao Estado español soa fuxindo dunha relación e dunha sociedade machista. Ao chegar, e grazas ás redes informais, iniciou un periplo por varias casas de persoas que a acolleron de xeito solidario “nuns meses de moita angustia”, durante os que traballou en xornadas infinitas vendendo comida no metro e limpando casas.

Outro caso é o de Carolina Murcia, de Honduras, que veu ao Estado español fuxindo do seu país, do que tivo que saír por ser testemuña protexida. Na busca de refuxio atopouse cun sistema de asilo e un mercado laboral pouco preparados para acoller persoas da comunidade LGTBQ+.

Dalila Argueta, defensora hondureña, tivo que fuxir por denunciar un proxecto mineiro en Guapinol. Deixou os fillos en Honduras, e ao chegar, constatou como o dereito ao reagrupamento familiar non estaba garantido. Ela comenta que cando lle chegou o estatuto de refuxiada non o pensou máis e foi a un país veciño para poder recuperar os seus fillos. “Non puideron máis: omitín o reagrupamento. Esperara seis meses e nin sequera me contestaran, así que fun pola outra vía, que é iles buscar”.

O principal obstáculo que atopan as persoas que intentan traer a su familia son os longos periodos de espera derivados da densa burocracia.

Eli González despois de medos, longas fileiras e varios obstáculos burocráticos, conseguiu presentar a solicitude de asilo en xaneiro de 2019, tres meses despois de fuxir do seu país, Nicaragua. O seu caso é o dunha maternidade secuestrada pola Dirección Xeral de Atención á Infancia e Adolescencia (DGAIA) da Generalitat de Catalunya. Eli denuncia a violencia dunha retirada de custodia do seu fillo: “As traballadoras da DGAIA foron racistas, incomprensivas, sentía que eu lles explicaba unha cousa e elas entendían o que querían entender”.

02

MIGRAR TIENE ROSTRO DE MUJER

DESHUMANITZADES.DIRECTA.CAT

UN PROYECTO DE

Directa
www.directa.cat

Empúblic
Cataluña
de l'Internat

pi
Institut per a la Pau
i el Desenvolupament de Catalunya

CON LA COLABORACIÓN DE:

Ajuntament de Barcelona

ACD

Agència Catalana
de Cooperació
al Desenvolupament

Generalitat
de Catalunya

MULLERES PRECARIZADAS

Moitas das persoas migradas procedentes de América Latina son maioritariamente mulleres, a causa da crecente feminización da pobreza, a violencia patriarcal e a demanda de traballadoras no sector –cada vez máis precario– da atención no fogar.

Toda persoa migrante sen papeis atravesamos emocións como o medo, o temor a denunciar ou acceder a calquera servizo que teña que ver con institucións públicas e que poida significar unha detención, un traslado a un centro de internamento de extranxeiros (CIE) e unha deportación.

Medo, mesmo, a ir pedir axudas para a alimentación ou a vivenda a Servizos Sociais.

Nesta investigación tamén analizamos a lei de estranxeiría. Segundo Victoria Canalla, activista migrante e membro do movemento Regularización Xa!, trátase dunha lei racista porque “contempla ao que vén de fóra como un suxeito diferente: o outro”. “Non é unha lei garantista, senón que crea unha situación de non dereitos que implica a exclusión dunha minoría, posto que a expón á violencia ao quedar fóra das políticas públicas e obrígaas constantemente a esquivar obstáculos”, engade.

Ademais, para poder regularizarse tamén teñen que pasar por trabas burocráticas, “A lei quítanos a posibilidade de ter os mesmos dereitos que o resto de persoas e déixanos nun limbo legal durante alomenos tres anos, durante os cales seremos explotadas traballando de xeito irregular. E, para saír de aquí, temos que facer de todo e máis”, asegura Ana Isabel Ríos, migrante colombiana.

As súas experiencias amosan como as leis de estranxeiría e de dereito ao asilo, lonxe de ser garantistas, comportan situacións de non dereitos e expónennas a varias situacións de violencias. Requirense, polo tanto, políticas públicas que garanten os dereitos das persoas migrantes, especialmente das mulleres, en toda a súa integridade, dende unha ollada feminista e cun enfoque LGTBQ+.



Para coñecer todas as historias entra na webdoc
www.deshumanitzades.directa.cat



ASEMBLEA 2023: XUNTAS, EN DEFENSA DA XUSTIZA GLOBAL



O mundo formúlanos novos retos, novas inxustizas ás que facer fronte dende a cooperación solidaria con outros pobos. Por iso son tan especiais as nosas asembleas anuais, que nos permiten reunirmos, poñer en común o que facemos en Entrepobos e, sobre todo, debater e consensuar as nosas liñas de actuación.

Grazas ao cariño e ao traballo das nosas compañeiras de Valencia, a fin de semana do 13 e 14 de maio, reunímonos máis de 60 persoas da organización para aprobar a nosa Estratexia 2023-2027 (que podes consultar no Portal de Transparencia da nosa web), renovar a Xunta Directiva e traballar conxuntamente a comunicación transformadora e os coidados da organización.



AUTOCOÑECEMENTO E SABEDORÍA MAIA

As compañeiras de Asociación de Mujeres Maya Kaqla estiveron de visita dúas semanas en maio para impartir talleres e charlas sobre autocuración e autoconecemento dende a cosmovisión maia, que traballan con éxito nas súas comunidades de Guatemala.

Hermelinda Magzul e Flor Baran percorreron Asturias, Burgos, Valencia, Sevilla e Madrid para promover un intercambio de coñecemento entre mulleres de diferentes culturas sobre a defensa dos coidados e a loita contra as violencias patriarcais. Ademais, acompañáronnos na nosa Asemblea Xeral aportando claves para axudarnos a fortalecer a nosa asociación. Grazas, grazas, grazas!



Ademais, asistimos a unha mesa redonda sobre Empresas e Dereitos Humanos desde unha perspectiva feminista, na que se puxeron en común as resistencias ao poder corporativo en Latinoamérica (con casos concretos como os de Chiapas e a Amazonía ecuatoriana) e en territorios europeos, como a oposición ao proxecto de ampliación do porto de Valencia.

HOMENAXE A BERTA CÁCERES

Alicante, Mallorca, Tarragona e Valencia foron algunhas das cidades nas que Entrepobos participou este ano na homenaxe á ambientalista hondureña Berta Cáceres, con motivo do 7º aniversario do seu asasinato.

Un ano máis, proclamamos as súas palabras ‘Despertemos humanidades’, estendemos a semente da súa defensa e a de todo o pobo lenca fronte aos megaprojectos e sumámonos á exigencia de que os instigadores do seu asasinato sexan xulgados. Queremos Xustiza para Berta!



PODES ATOPARNOS EN

ANDALUCÍA

■ C/ José M^a Moreno Galván, 18, Bl.K - 2^o B
41003 Sevilla · T. 616 564 551

✉ ep.andalucia@entrepobos.org

📘 Entrepobos Andalucía

ASTURIAS

✉ ep.asturies@entrepobos.org

CASTELA-A MANCHA

✉ ep.castillalamancha@entrepobos.org

CASTELA-LEÓN

✉ ep.valladolid@entrepobos.org

✉ ep.burgos@entrepobos.org

✉ ep.zamora@entrepobos.org

✉ ep.cyl@entrepobos.org

🌐 entrepobosvalladolid.wordpress.com

📘 entrepoblosencastillayleon

🐦 @EntrepobosV

CATALUNYA

■ C/ August 21, entl. 1a · 43003 Tarragona

■ C/ Raiers 13 · 25500 La Pobra de Segur
(Lleida)

■ Carrer d'en Blanco, 73, piso 1
08028 Barcelona

✉ penedes@entrepobos.org

🌐 entrepobspenedes.wordpress.com

🐦 @EntrePobles_Tgn

📘 EntrePobles-Camp-de-Tarragona

📘 EntrepoblesPenedes

COMUNIDADE DE MADRID

✉ ep.madrid@entrepobos.org

📘 EntrepoblosMadrid

EUSKAL HERRIA

✉ herriarte@herriarte.org

ILLES BALEARS

■ C/ Carne, 6 · 07701 Maó (Menorca)

✉ mallorca@entrepobos.org

📘 Entrepobles-Mallorca

PAÍS VALENCIÀ

■ C/ Sant Isidre 9 · 03803 Alcoi

■ C/ Venezuela 1 · 03610 Petrer

■ Paratge Sant Josep. C. Pipa 7
12600 Vall d'Uixó (Castelló)

■ C/ Lepant 7 · 03201 Elx

✉ paisvalencia@entrepobos.org

✉ alacant@entrepobos.org

📘 EntrepoblesPaísValencia

REXIÓN DE MURCIA

✉ marcuba3@gmail.com

CONTRIBUCIONES ECONÓMICAS

IBAN (ES05) Triodos Bank (1491) Oficina (0001) Núm. c.c. (21-3000079938) • Avinguda Diagonal, 418, 08037 Barcelona

Entrepobos - BOLETÍN DE SUBSCRICIÓN

Solicitud de ingreso como socio/a

Nome e apellidos

NIF *

Data de nacemento

Enderezo

C.P. Poboación

Teléfono Profesión

E-mail

Cota anual 77 € ó €

Se ten dificultades económicas pónase en contacto para flexibilizar tu contribución.

Entrepobos recomienda fixala no 0,7% do salario.

Orde de pago para a Entidade Bancaria

Banco / Caixa

NUMERO DE CUENTA - IBAN																							
IBAN	ENTIDAD	SUCURSAL	D.C.	NÚM. CUENTA																			

Prégolles que desde a presente pague os meus recibos que a ONG Entrepobos les presente al cobro con cargo a mi cuenta.

Nome e apellidos

Enderezo

C.P. Poboación

Sinatura

*NIF indispensable para a dedución do IRPF

Aviso legal: De acordo co Regulamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo de 27 de abril de 2016 ("RGPD"), a Asociación Entrepobos/Entrepobles/Entrepobos/Herriarte garante a confidencialidade e seguridade no tratamento dos datos de carácter persoal, que se usará só para formalizar o rexistro e recibir a información como socio/a e non será transferida a terceiros en ningún caso. Pódese exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición a través do noso enderezo postal (Carrer d'en Blanco, 73, 1r pis · 08028 Barcelona)